



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

BANDO

ANUNCIO CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DO XUIZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE TOQUES (A CORUÑA)

No decreto de Alcaldía de data 4 de febreiro de 2021 número 28/2021 resolveuse aprobar a convocatoria para proveer os cargos de xuíz de paz titular e suplente dacordo coas seguintes bases da convocatoria:

En cumprimento do establecido nos artigos 99 e seguintes da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial e os artigos 4 e seguintes do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, aprobado por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial do 7 de xuño de 1995, pola presente, acordase inicia-lo expediente para a elección dos cargos de Xuíz de paz titular e substituto do Concello de Toques, segundo as bases seguintes:

1.- Obxecto da convocatoria: Elección de Xuíz de paz titular e substituto deste municipio.

2.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Toques, Lugar de Souto s/n, 15806 TOQUES (A Coruña), en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, **no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no BOP**

3.- Requisitos dos aspirantes: Poderán participar na selección as persoas que, aínda non sendo licenciados en dereito, reúnan os seguintes requisitos:

- A) Ser español.
- B) Ser maior de idade.
- C) Non estar incurso en algunhas das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do Poder xudicial. - Os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial. - Os condenados por delito doloso mentres non obteñan a rehabilitación. - Os procesados ou inculpados por delito doloso, en tanto non sexan absoltos ou se dicte auto de sobresemento. - Os que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- D) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei orgánica do Poder xudicial.

4.- Documentación a achegar coa solicitude:

- A) Fotocopia autenticada do Documento nacional de identidade.
- B) Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro central de penados e rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conduta cidadá, de non estar inculcado ou procesado.
- C) Certificado ou informe médico de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- D) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer-lo cargo.
- E) Xustificación de méritos (de alega-los o solicitante).
- F) Na instancia especificarase se o candidato se presenta a Xuíz de paz titular ou substituto.

5.- Elección e nomeamento: As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello na primeira sesión que celebre para a elección da persoa idónea de entre as interesadas co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

Os candidatos propostos polo concello serán nomeados Xuíz de paz titular e substituto pola Sala de Goberno do Tribunal superior de xustiza de Galicia por un período de catro anos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

